

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------|----------|---------------|
| 15026455 | IES Terra de Trasancos | Narón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obligatoria | Proxecto competencial | 2º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 6 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 7 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 7 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 8 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 9 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 9 |
| 7.2. Actividades complementarias | 10 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 10 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 11 |
| 9. Outros apartados | 11 |

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurarán neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Narón. O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón de titularidade pública. O centro atópase no Camiño Real s/n. No entorno atopamos un polígono onde se desenvolven actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. O nivel socioeconómico das familias é principalmente de clase obrera ou clase media / baixa. No contorno más inmediato ao centro podemos atopar, cara o norte e o leste edificacións de grande volume adicadas, como xa se indicou antes, a actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. Cara o sur e o leste atopamos vivendas unifamiliares, e, nun contorno máis lonxano vivendas plurifamiliares. Ademais, inmediatos ó centro, atopamos o IES As Telleiras e o polideportivo municipal As Lagoas. O acceso principal ao centro resólvese dende a Estrada de Cedeira.

A distancia do IES aos nucleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes accedan na súa práctica totalidade en transporte escolar, e, no caso dos alumnos de Ciclos en transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante extremo na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte público nas cercanías.

O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 48 alumnos e alumnas (2ºA: 21 e 2ºB: 27) con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 12 e os 13 anos. Entre eles, temos alumnado con TDAH, con altas capacidades ou con necesidades de reforzo educativo. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesión | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|------------------------------|--|-----------------------|------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | Pensando en facer unha horta | Determinarase o tema no que o grupo vai pescudar información, que plantar, cando plantar... Montarase unha composteira para fabricar o noso propio compost. Farase unha presentación do proxecto a todos os grupos que estudan no centro. Montarase un invernadoiro, cando o tempo o permita. Comezarase coas plantacións de inverno en exterior e faranse experimentos con distintas sementes en interior. | 25 | 13 | X | | |
| 2 | Inmersión na horta | Realizaranse traballos de mantemento da horta. Levaranse a cabo traballos de investigación sobre as propiedades das plantas escollidas, o tipo de terra, técnicas agrícolas, creación de sementeiros,... | 35 | 11 | | X | |
| 3 | Presentando a horta | Realizaranse tarefas de mantemento, plantación e recolecta, tanto de productos listos para ser consumidos como de sementes que se gardarán para o vindeiro curso. Establecerase un sistema de regadío adecuado ás características do terreo e do centro. Farase unha presentación do proxecto á comunidade educativa. | 40 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------------|-----------------|
| 1 | Pensando en facer unha horta | 13 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia dunha horta escolar, e de consumir produtos de cercanía | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 2 | Inmersión na horta | 11 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias nos niveis de calidade requeridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Presentando a horta | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar os produtos plantados, despois de ser recoletados | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conducta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conducta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Horta escolar".

Todo o proxecto xira arredor dun obxectivo xeral: Coñecer e promover a agricultura e o consumo de produtos de cercanía.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar.

Por outra banda, proporanse actividades para realizar nas áreas educativas de modo de asimilación de conceptos aprendidos na práctica como: en refráns lingüísticos, adiviñas e ditos populares relacionados coa sementeira, a plantación...

Participaremos tamén no concurso de cabazas co motivo do Samaín. Realizarase o vaciado e conservación das sementes das distintas cabazas antes de proceder á súa decoración para ser plantadas na primavera.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN.

Previo ao proceso de plantación na horta, realizaranse pequenas investigacións sobre o que se vai plantar. Así como un comezo enfermidades comúns que pode ter a planta, período de plantación, beneficios que contribúen á saúde...

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, establecendo comparativas entre as distintas plantas.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN e ao longo de todo o curso, sempre que non chova:

1. Elixir os terreos dispoñibles dentro do centro. Preferentemente, debe retirarse das árbores para que a súa sombra

non impida o crecemento de plantas e vexetais.

2. Limpalo eliminando calquera material de refugallo, pedras, maleza ou outros.
3. Arar a terra, a uns 20 ou 25 centímetros de profundidade, utilizando apeiros de labranza.
4. Desmiuzar e triturar moi ben o chan.
5. Fertilizar o terreo preferentemente con abono natural ou co noso propio compost. É recomendable o uso de fertilizantes naturais, para evitar a contaminación do terreo.
6. Despois de preparar o terreo, fanse buratos e colócanse neles as sementes previamente seleccionadas, deixando entre elas o espazo necesario. (Investigaremos o que necesita cada planta).
7. Regar con auga abundante pero sen excedela, preferentemente pola tarde ou pola mañá antes de que saia o sol.
8. Pechar o xardín para que algúns animais non o destrúan.
9. Montaxe dun invernadoiro para as sementeiras e algunas plantacións.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, ...)
- Matemáticas (estatísticas sobre poboacións, tempos, medicións...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do nome das plantas)
- Latín, Inglés e Francés (elaboración de etiquetas co nome científico e o equivalente nas distintas linguas)

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ordenador. |
| Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...). |
| Utensilios de traballo: sachos, angazos, etc. |

Un dos espazos habituais no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Contaremos tamén cun espazo de terreo que nos facilitará o instituto onde levaremos a cabo a nosas plantacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 25 | 35 | 40 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Elaborarase un DIARIO DE XARDÍN para avaliar os procesos e anotar experiencias para cultivos próximos así como novas actividades para desenvolver co alumnado.

Os alumnos elaborarán fichas onde anotarán as tarefas que eles ou o seu grupo realicen. A observación directa será un factor moi importante a avaliar; así que visitaremos a horta para facer diferentes tarefas unha vez cada dúas semanas, se ben estas visitas poden ser ou non más frecuentes (hai que ter en conta os días de chuvia), dependendo das actividades a realizar en cada estación ou momento de cultivo.

A avaliación atenderá aos seguintes principios: continua, global, formativa e sumativo

O profesor rexistrará mediante observación directa o logro e grao dos obxectivos propostos.

Tamén realizará unha avaliação das fichas de traballo, rexistrando o resultados obtidos.

Os elementos xerais da avaliação do alumnado serán:

- Coñece os nomes e o desenvolvemento das especies vexetais existentes no vexetal.
- Identifica ferramentas de xardín e fai un uso axeitado delas.
- Coñece as técnicas da agricultura ecolóxica.
- Sementar, planta, coida e recolle plantas e hortalizas.
- Experimenta con métodos de loita tradicionais, ecológicos e modernos contra pragas e parásitos.
- Descobre novas técnicas e métodos agrícolas desenvolvendo a imaxinación e creatividade.
- Toma conciencia dos problemas ambientais que provoca a agricultura intensivo.
- Valora o traballo en equipo, a cooperación e a solidariedade.
- Coida e respecta a vida animal e vexetal.
- Respecta as diversas achegas que todos realizan no traballo.
- Mostra afeción polo propio traballo.
- Valora o produto obtido como resultado do traballo común de todos os compañeiros interactuando co medio natural.
- Valora o esforzo realizado na obtención dos produtos da horta.

Como instrumentos de avaliação, empregaránse distintas listas de cotejo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaránse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliações parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliação parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliações suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica, por ser o primeiro ano de implantación do proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | | |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X | | X |
| ET.4 - Competencia Dixital | X | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | | X | |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------|-----------------------------------|-------------|-------------|-------------|
| Participación na semana verde. | Difusión informativa do proxecto. | | | X |

Observacións:

Presentación do proxecto a todo o alumnado do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. |
| Metodoloxía emplegada |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas. |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Clima de traballo na aula |
| Participación activa de todo o alumnado. |

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descripción:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavalía será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados